



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa dos deputados **Anxo Quintana González** e **Carlos Aymerich Cano** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**, relativa ás medidas a adoptar tras da deportación polas autoridades israelíes dos cidadáns galegos Iván Prado e Laila Tilawi.

A primeiras horas do martes 27 de Abril, o clown galego Iván Prado e a súa acompañante, a tamén galega Laila Tilawi, foron deportados polas autoridades israelíes despois de teren aterrado no aeroporto de Tel-Aviv coa intención de se dirixiren aos territorios palestinos ocupados para preparar o Festiclown 2010 que en Outubro se vai desenvolver en Cisjordania.

A expulsión produciuse despois dunha detención e dun interrogatorio de máis de 6 horas e, ao parecer, as únicas razóns aducidas polas autoridades israelíes foron o apelido árabe da acompañante de Iván Prado e “motivos de seguranza nacional”. O único certo é que esta expulsión impedirá que Iván Prado e Laila Tilawi poidan voltar a territorio de Israel nos próximos 5 anos e, xa que logo, cortará o traballo que estaban a realizar cos nenos e nenas palestinas que padecen a ocupación militar de Israel.

Esta expulsión prodúcese en plena radicalización do goberno israelí que véu de aprobar a deportación en masa de palestinos e estranxeiros dos territorios ocupados e a introducir novos atrancos ao labor que os cooperantes internacionais desenvólven en Gaza e Cisjordania, aos que se lles concede só un visado de turista con validade para



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

apenas 3 meses e que, ademais, poden ser arbitrariamente expulsados ou deportados por decisión das autoridades militares.

Así as cousas, formúlase a seguinte PROPOSICIÓN NON DE LEI

O Parlamento insta ao Goberno galego a demandar do Goberno español:

1. A adopción de medidas de presión diplomática e económica para esixir que o Estado de Israel cumpra o Dereito Internacional e respecte os dereitos humanos dos habitantes dos territorios ocupados e deixe de obstaculizar o labor dos cooperantes internacionais en Gaza e Cisjordania.
2. A suspender calquera cooperación co Estado de Israel no ámbito militar e de seguranza.
3. A chamar a consultas ao embaixador israelí no Estado español para lle transmitir a máis enérxica protesta pola deportación dos cidadáns galegos Iván Prado e Laila Tilawi.

Santiago de Compostela, 29 de Abril de 2010.

Asdo.: Anxo Quintana González

Deputado do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Deputado e Portavoz do G.P. do BNG.